



## Café Liberdade<sup>1</sup>

Fernando Dacosta

### PERSONAXES (por orde de intervención):

XILAU *Dona do Café Liberdade*  
 LÁNEDI *Músico*  
 MÓSCAR *Poeta*  
 SEREY *Camareira*  
 ELIONA *Traballadora de ONG – Sicóloga*  
 NADRAS *Cociñeira con insomnio*  
 KIVY *Debuxante*  
 CIALAI *Intelectual e soñadora – Quere ser artista*  
 UNARI *Estudante de pintura*  
 ARIMA *Profesora que quixo ser actriz*  
 ANIÑA *Doutora - Adicta*

### CAFÉ LIBERDADE (comezo da obra)

#### 1) MARIHUANA

*As persoas e os obxectos parecen voar. Cariicias de benestar e benser. Amor no aire. Individual. Colectivo. 'Fumada' monumental. Bebida a ritmo suave. Telas que envolven. Brazos. Paz irreal, ritmos trastocados.*

*Os obxectos bailan. Sorrisos involuntarios. Non hai mañá. Non queren que a noite avance porque están nun refuxo respecto ao que hai fóra. Todo se funde e conflúe dun xeito preciso. Cortinas. Fume. Ollos, olladas profundas. Traslado temporal. A pel reacciona a todo.*

*Entran os personaxes en círculo. Fuman marihuana. Van incorporándose progresivamente ao círculo cara a ningures. Ao redor deles mesmos. O ritmo está alterado. A percepción está alterada. A atmosfera é irreal.*

*Empezan a baixar ata arrastrarse e acabar uns enriba doutros.*

*Risos, entusiasmo inesperado.*

*Silencio. Gravidade. Olladas dispersas cara algures, un lugar insondable, ábrese os corpos cara o infindo.*

*Van erguéndose e voando. Voan individualmente ou fan voar a alguén dalgún xeito.*

*Silencio. Risos. Silencio. Gravidade.*

*Retíranse e entran coas distintas partes do Café Liberdade. Olladas sedutoras. Oído, tacto, olfato, gusto a flor de pel.*

*Colocan o Café Liberdade e sentan no seu lugar cotián.*

#### 2) XILAU

XILAU: Na vida, entre as persoas, podemos atopar moitos fillos de puta. Hai fillos de puta banqueiros, políticos, médicos, profesores, actores, mecánicos, ricos e pobres, homes e mulleres.

Un fillo de puta mecánico, por exemplo, pode destrozarse o teu coche, ou cobrarche de máis por unha reparación. É molesto.

<sup>1</sup> Escrita no curso 2013-14 para a Aula de Teatro Universitaria de Ourense. Estreada en Barcelona o 21 de marzo de 2014. Representada en Covilhã (Portugal), A Coruña, Vigo, Lugo, Pamplona, Santiago, Ourense (2 veces), Lisboa (Portugal), Logroño, Xénova (Italia), León, Valencia e Aveiro (Portugal). Non publicada.

Un fillo de puta actor pode amargar unhas horas da túa existencia se non podes fuxir da sala na que representa. É molesto.

Pero a medida que vai medrando o poder e a influencia dunhas persoas noutras o *filloputismo* pode chegar a ser moi perigoso.

Un fillo de puta profesor pode acabar coas gañas de coñecemento dalguén, meterlle medo, humillalo.

Un fillo de puta médico pode causar amputacións, mesmo matar unha persoa.

Un fillo de puta político pode facer retroceder a cultura ou a educación dunha comunidade, pode deixar sen traballo a moitas persoas por mala xestión, por roubo, arruinar empresas, facer dunha cidade ou dun pobo algo triste.

Un fillo de puta banqueiro, ou especulador, pode multiplicar iso por miles de persoas, deixalas sen casa, obrigar a outras a que xoguen a vida por conseguir pan para os seus, pode empobrecer familias enteiras por enriquecerse máis antes de levar esa morea de cartos á súa puta tumba, que é onde vai acabar. E ademais, o fillo de puta banqueiro e o fillo de puta político poden facer que se multipliquen e medren os fillos de puta médicos, actores, profesores e mecánicos, ricos e pobres, homes e mulleres. Por iso hai que identificalos, estigmatizalos e acabar con eles para que a boa xente poida vivir... *Silencio*

Con todo, dígovos unha cousa, facémonos vellos e acabamos con nós mesmos cando pensamos máis nos fillos de puta que nos amigos, cando pensamos máis nas mortes que nos nacementos, cando conseguen que non gocemos de cada mañá e de cada noite.

LÁNEDI: E como consegues iso? Como podes gozar coa que está caendo?

MÓSCAR: Seguindo o teu camiño. Adiante sempre, non é?

SEREY: Facendo a travesía...

XILAU: Serey sabe do que fala. Chegou aquí procurando simplemente vivir

ELIONA: Simplemente!

XILAU: Sen papeis, unha ilegal, unha indocumentada, non unha persoa. Entrou no café e quedou para sempre. Completou unha parte da súa viaxe

NADRAS: Cres que é viaxando como consegues non envellecer?

KIVY: Pois imos, xa. A que esperamos? Buscade destino que vou facer a maleta

XILAU: Aos dezaioito anos fixen un *petate* e funme percorrer mundo, sen idea fixa, comigo como única compañia.

*A cidade pechada por defunción, non hai traballo, non hai cor, non hai vida. Cada persoa que lle dá as costas a Xilau agárrase ás súas pernas ata que esta non dá case camiñado, pero avanza. Tápanlle a boca e os ollos. Despréndese delas. Colle un tren. Quere viaxar, saír dalí a procurar a vida.*

*Chega a un lugar onde tiran os libros, fan unha pira. Hai xente con armas, poden ser nenos. Ve un moribundo. Xilau trata de axudar, empúrрана. Vaise cara outro lugar.*

*Todas tecen telas. Ela tamén o fai. É un traballo mecánico. Un roce de mans fai que sinta algo por unha delas. Saen. Quedan as dúas. Óllanse. Apértanse. A outra persoa é tirada polos demais. Xilau queda soa vendo como marcha...*

XILAU: E regresei

MÓSCAR: Por que volviches? Isto está morto

XILAU: Algún día contareino, Móscar

CIALAI: As viaxes están ben. Pero ás veces só son fuxida e cando regresas todo segue igual, ou peor

XILAU: Creo que debemos procurar cambiar o noso entorno, o noso pequeno mundo, pero para ben, claro. Eu fixen este café. Aquí todo é de todas. É unha pequena república

NADRAS: Nunha monarquía hereditaria

KIVY: No que sexa

LÁNEDI: É verdade, aquí todo se transforma cada noite

MÓSCAR: Cada noite pasa algo

UNARI: Cambia e cambiamos

ARIMA: E cando marchan os últimos clientes...

KIVY: ... Quedamos os noctámbulos

### 3) OS NOCTÁMBULOS

*Danza aberta. A liberdade, a transformación do espazo, facer o que se desexa, imaxinalo, sentilo. A música a literatura, a arte. Os encontros. A creación do espazo “Café Liberdade” físico e emocional.*

*Cada un dos personaxes amosa o que lle produce un obxecto (transformado) no seu interior.*

*Hai charla de café, vida mentres un personaxe leva o peso do movemento.*

Teñen o impulso do seu interior. Un libro en movemento chega a Cialai. Están xuntos e manteñen unha coreografía de noctámbulos unidos.

#### 4) A CRÚA COTIANDADE

CIALAI: É unha marabilla estar aquí, estamos ben, falamos, soñamos, prolongamos a noite, pero o día acaba chegando

UNARI: E co día a puta realidade. Isto é unha paréntese. Ás veces pasamos o día pensando só en voltar aquí á noite, pero o día é moi longo

CIALAI: Isto é coma unha viaxe. Pero o mundo que nos rodea segue o seu curso, e aí fóra é difícil soñar

UNARI: Estás demasiado mal para levar algo á boca, para sentirte persoa. Para non quedar excluída

CIALAI: Para non ser unha paria

KIVY: Menos negrura, por favor

*Soñan que están a facer algo marabilloso desde un traballo horrible.*

*Unari fabrica zapatos en cadea, pásaos por detrás e volven aparecer, sen parar. Soña que ten un bebé en brazos.*

*Cialai limpa váteres noxentos, cheos de merda, evádese bailando coa fregona, coma se estivese nunha relocente pista de baile.*

*Ambas as dúas reciben un berro que corta o seu soño e retornan de xeito máis penoso aínda aos labores que teñen. Acaban a xornada de traballo e queren acabar con todo. Romper, rachar, fuxir cara a ningures, quizais a unha vía morta do tren. Atópanse. Óllanse. Van cara o café.*

*Outro día.*

SEREY: *Despide aos últimos clientes* Boas noites, deica mañá

UNARI: O Café Liberdade non pode ser o único que nos amarra a esta vida

XILAU: Pensar así é demasiado pobre para o que sodes quen de facer

MÓSCAR: Que o tempo dos soños supere ao tempo dos pesadelos

UNARI: Con soños non se come

KIVY: Sen soños non se vive

ANIÑA: Ás veces comer non é todo. Podes ter pasta a fin de mes e estar baleira

LÁNEDI: Típico razoamento de quen chega con *pasta* a fin de mes

UNARI: Exacto. Algúns non podemos permitírnos pensar así

ELIONA: Algúns non poden permitirse pensar de ningún xeito que non sexa sobrevivir, cada día pensan en respirar un pouco máis, en manterse un pouco máis

ARIMA: Xa, xa, o de sempre hai quen está peor, tarará tatá

XILAU: E é certo

SEREY: Entón quedamos quietos

KIVY: Paradas, a velas vir. Non, non

MÓSCAR: Nin de pau

XILAU: O pesimismo é conservador, inmoviliza, non progresa

ELIONA: Non é estar quietos aquí, ao contrario, non parar, moverse, facer cousas, pero cando fas traballo de campo, como teño feito eu, ves cousas tan horribles que non podes deixar de pensar que occidente segue sendo un privilexio

UNARI: Para algúns

LÁNEDI: Cada vez máis. Para uns e non para outros

XILAU: Non queren cidadáns, queren escravos, por iso non soportan os dereitos dos cidadáns. Dereitos que nos corresponden

ELIONA: Ti aínda podes falar de dereitos

XILAU: Hoxe e onte, a humanidade divídese en escravos e escravistas

MÓSCAR: Entre outras moitas divisións

KIVY: Hai moitos grupos e subgrupos na humanidade, Xilau

CIALAI: Négame a clasificar ás persoas coma se fosen álgebra. Somos auga, aire

UNARI: Si, e terra e lume, xa, xa

XILAU: Queren escravos, os negros escravos de África a América e Europa, os escravos de hoxe en Qatar para construír campos de fútbol, e que berremos *gol* coma bestas sen pensar máis

KIVY: Coma os mortos que deixaban as construcións das catedrais, e logo a rezar

ARIMA: Agora non iremos contra as catedrais!

XILAU: O novo escravismo, a explotación sexual, as minas de coltán, o xogo coa indocumentación e co poder...

ELIONA: Téñennos agarrados polos xenitais. Sempre foi así, precisan escravos

### 5) A ESCRAVITUDE

*Foxen de algo terrible, que non comprenden. Queren apresalos. Carreiras. Apresamentos. Encerrados en diversos lugares. Véndenos e teñen que traballar en condicións inhumanas, coma escravos.*

*Mentres apresan a algúns personaxes, os outros están a favor ou en contra deles, escravistas ou escravizados, e acompañan con percusión.*

- *Clandestina, detida, torturada, traballo forzoso (Kivy)*
- *Foxe, cóllena, prostituída, quítanlle o diñeiro que recadou (Serey)*
- *Trata de fuxir, cóllena, ten que sacarlle roupa aos mortos (Aniña)*
- *Pedindo, non quere facer algo, obrígana, debe mamala (Cialai)*
- *Neniños con fame, entrar nas minas de coltán, insalubres, terribles (Móscar)*
- *Soldados sen querer (Nadras)*

NADRAS: Pero aquí non pasa iso!

MÓSCAR: Non, aquí só che deixan sen traballo, sen casa e rúbanchen os cartos do banco os propios bancos, máis nada

LÁNEDI: E se te queixas, *hostias en vinagre da pasma*

ANIÑA: Non compares

SEREY: Non nos fan escravos dese xeito porque aínda non poden

UNARI: Pero téntano

ARIMA: Non é para tanto

KIVY: As cousas van cambiando a mellor. A humanidade progresa. Agora non te queiman na praza pública

MÓSCAR: Dous pasos para adiante e un para atrás

CIALAI: Estou de acordo, somos baile, danza continua

KIVY: Bah, bah! Progresamos na historia, aí están as revoltas

LÁNEDI: A francesa

UNARI: Decapitado todo dios e ao final volve a oligarquía

LÁNEDI: Pero doutro xeito

CIALAI: Non vos gustaría vivir unha desas

épocas turbulentas? Eses momentos que pasan á historia

ARIMA: A rusa

ANIÑA: E acaban en Estalin. E a chinesa?

VARIOS: Bufff

KIVY: Aí están as revoltas árabes, e o 15 M. Vivino moi de perto. Aí hai forza, hai esperanza

NADRAS: Debuxáchelo moi de perto, pero foi fume

ARIMA: Moito *folión* antes das eleccións e logo, nada

KIVY: Nada non, actívannos e hai plataformas que seguen *currendo* moito

XILAU: Igual tiñan que ser voltas, darlle a volta as cousas. Se chegan a ser RE-voltas corren o risco de retornar ao punto de partida

ELIONA: As re-voltas

MÓSCAR: Que a volta non chegue a RE-volta

UNARI: A ver, ti estás fodida, traballas moito e mal. Non tes para necesidades básicas...

LÁNEDI: Fódénche a educación, a sanidade

KIVY: A cultura

*Rin algúns*

UNARI: ... O caso é que estás fodida

SEREY: Si

XILAU: Sigue!

UNARI: E protestas

KIVY: Plántaste

### 6) A RE-VOLTA

*Cubertas o pelo, o corpo, poden estar atados, algo que exprese dificultade para a vida cotián e os traballos que teñen que facer. Accións cotiáns imposibles de realizar dese xeito. Non aturan.*

*Acoden ás manifestacións e sacan as prendas ou as ataduras, que serven nese momento para manifestarse.*

XILAU: Entón, oportunamente aparece o discurso brillante, que nos convence. O gran orador!

*Escoitan un discurso que convence. Libéranse das trabas. Están satisfeitas e voltan á acción cotián, libres.*

*Co paso do tempo sons, berros (feitos por eles mesmos) que os obrigan a cubrirse máis ata*

*o burka, ata as cadeas, ata a unidireccionalidade dos ollos para facer peores traballos, en peores condicións.*

LÁNEDI: Pero se nada cambia, entón hai que deixarse de hostias e dar hostias

NADRAS: A ver o que duras!

ARIMA: Grandes ideas

KIVY: O que se dure. Se o obxectivo está aí haberá que ir por el

## 7) O EXÉRCITO DE PARIAS

*Formación da tropa de parias, desprovistos de todo, avanza con determinación, ollada firme cara o obxectivo. Van derrubándoos*

CIALAI: Aínda que nos tiren somos moitos

*Caen e erguense ata aproximarse moito ao obxectivo-proscenio, onde todos son derrubados*

XILAU: Acabarían con nós

MÓSCAR: Con todas non

XILAU: Cos que sexa preciso para deixar todo como debe estar. En orde. Na súa orde

ARIMA: Daquela non hai nada que facer. Cando me preguntan os meus alumnos nas clases por onde tirar non teño respostas para darlle. Aturar e apretar os dentes

XILAU: O pesimismo é conservador, querida

MÓSCAR: O carallo, Xilau

KIVY: Sempre hai saídas

LÁNEDI: Ten que habelas

ELIONA: Na política

NADRAS: A política non hai que tocala, canto máis lonxe mellor

UNARI: Os humanos somos seres políticos, outra cousa son os partidos

MÓSCAR: Iso é, unha alternativa política. Unha plataforma de poetas

ANIÑA: Pero onde vas?

CIALAI: Moita xente non sabe a quen recorrer, igual temos que adiantarnos, que dar un paso á fronte e dicir, eh! Estamos nós aquí, os que danzamos, os que debuxamos, os que escribimos

ARIMA: Si, auga e aire, Cialai

ANIÑA: Estadades coa idea da elite cultural, pero a xente precisa outras cousas

UNARI: Crear unha plataforma? Libertarios do Café Liberdade

MÓSCAR: E por que non? Hai moitas alternativas veciñais que chegan a algo, mesmo a representación na municipalidade

KIVY: E nós somos creativos, podemos facer accións contundentes

ARIMA: Perso se somos uns *pringados*

SEREY: Moita xente que vén aquí ten falado diso. Téñenme preguntado. Din que se Xilau fixese algo, co que move este espazo, que se conseguirían cousas

XILAU: Ah, si?

MÓSCAR: Si, e sábelo

*Silencio*

XILAU: Está ben, imaxínade que non temos medo das súas leis, imaxínade que temos unha folla en branco por escribir

KIVY: Ou debuxar

UNARI: O que sexa, cala!

ANIÑA: Cala ti!

XILAU: Que fariades?

CIALAI: Que que fariamos?

XILAU: Por onde empezamos a intervir? como nos damos a coñecer como alternativa?

NADRAS: Darlle á xente o que precisa?... Un bo prato de comida, cada día

LÁNEDI: Falou a cociñeira

XILAU: Pensade. Que fariades?

CIALAI: Que difícil. Aloumiños, apertas, conversa en voz baixa, escoitalos

ARIMA: Demoledor, Cialai. Para acabar cos cimentos do capitalismo

UNARI: Aaah! As boas respostas fan cambiar as cousas. As boas preguntas fan as revoltas

MÓSCAR: Voltas, non Re-voltas

## 8) A ALTERNATIVA POLÍTICA

*A creación dunha alternativa política, reivindicativa: o baile protesta, o graffiti, a pintada, o acto protesta creativo, o que lles apetece dicir e facer, a forza armada de poesía contra os poderosos, contra os cabróns, os corruptos. Mentres uns fan outros celebran e animan.*

- Berro (Serey): Imos por vós!
- Patadas e graffiti (Xilau) *Escribe*: Estadades acabados, e nós estamos empezando
- Música e danza de guerra (Lánedi)
- Pintar o coche da pasma e poñer cravos (Kivy): Acabar cos vosos tanques de represión



- *Romper as cámaras (Aniña):* Putas cámaras, a tomar polo cu o Gran Irmán
- *Bailar e cuspir (Cialai)*

SEREY: Chaman

XILAU: Dilles que xa pechamos

SEREY: *Cara fóra* Xa estamos pechados...  
*Cara eles* É a policía

XILAU: Dálle o que pidan, que queren?

## 9) APRESAMENTOS

*Entran a detelos. Redada*

MÓSCAR: Nin me toques

ARIMA: Que pasa?

SEREY: Teño os papeis!

UNARI: Fillos de puta!

XILAU: Tranquilos todos. Facede o que vos din, con calma

NADRAS: Ollo comigo, eh?

*Lévanos á comisaría. Toda a noite incomunicados.*

*(Continúa...)*